



Zonas:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Extracción semente para resembr														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Sementeiras														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Traslados														
Zonas:														
Especies														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Rareos														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Limpezas e arado														
Zonas														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Outros														

Outras consideracións (9)

Ambito: non se concretan as zonas de explotación, solicitándose autorización para toda a costa galega.

Para a **extracción no ámbito do PN Illas Atlánticas** estarase ao disposto no informe ditado polo administración do parque.

O plan é coincidente tanto nas especies solicitadas como nas zonas con outros presentados polas confrarías de pescadores.

Dado que a actividade da empresa se concentra fundamentalmente nas zonas de A Garda-Baiona, Costa da Morte e Mariña lucense recoméndase que nos vindeiros plans se faga a previsión tendo este feito.

Especies:

As especies obxecto deste plan son maioritariamente *Chondrus crispus* e *Mastocarpus stellatus*. Ambas as dúas son habituais nas nosas costas, situándose *Chondrus* no litoral inferior ata o infralitoral de costas expostas; nas zonas protexidas forma unha banda xusto por debaixo de *Mastocarpus stellatus* que é máis frecuente na franxa litoral de zonas expostas ou semiexpostas.

A produción estimada para o ano 2009 é de 1290 Tm repartidas entre *Chondrus crispus*, *Fucus*



sp, *Gelidium sp*, e *Gigartina sp*. Da solicitude despréndese que tan só usan *Chondrus crispus* para a súa actividade, aínda que tamén inclúen nas súas previsións os xéneros *Gelidium* e *Fucus*.

Participantes: non se inclúe relación de recolectores a pé.

As persoas que realicen a recollida a pé deberán estar en posesión do permiso de explotación de marsqueo a pé en vigor ou ter unha relación contractual cos empresa, debidamente acreditada.

As **solicitudes de apertura** deberán dirixirse ao servizo de Xestión Administrativa da Dirección Xeral de Recursos Mariños na forma e prazos previstos na Orde pola que se aproba o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2009.

Para mellorar a xestión dos recursos é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das zonas nas que se está a extraer. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento da explotación deberán ser remitidos regularmente ao servizo de Xestión Administrativa da Dirección Xeral de Recursos Mariños, de xeito que **coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior**.

INFORME DO P.N. LLAS ATLÁNTICAS:

Infórmase negativamente calquera tipo de explotación nos fondos de maërl, formados polas algas calcáreas *Lithammion corralioides* e *Phytolithom calcareum*, pola súa importancia ecolóxica, xa que son zonas de recrutamento de organismos de vital importancia.

A extracción no ámbito do P.N. deben cumprirse as seguintes consideracións:

- a) soamente se permite a extracción de algas alóctons e recoméndase que se centre na recolección de wakame (*Undaria pinnatifida*)
- b) que a recolección de algas se realice manualmente, de maneira que non se provoquen impactos negativos nos fondos mariños do Parque
- c) que sexa respectado o compromiso de non extraer as seguintes especies de algas que teñen un importante valor ecolóxico: *Laminaria ochroleuca*, *Gelidium sesquipedale*, *Chondrus crispus*, *Mastocarpus stellatus*, *Laminaria hyperborea*, *Laminaria saccharina*, *Fucus vesiculosus*, *Fucus spiralis*, *Fucus serratus* e *Himanthalia elongata*.